



Sanidade | A Mariña

CCOO denuncia falta de cobertura asistencial no servizo de partos e na planta de Xinecoloxía e Obstetricia do Hospital da Mariña

O persoal vese obrigado a atender dous servizos ao mesmo tempo, o que provoca desatención ás mulleres ingresadas, expón a Federación de Sanidade do sindicato

30-6-2025.- A Federación de Sanidade de CCOO denuncia publicamente a sobrecarga asistencial que se está a vivir no servizo de partos e na planta de hospitalización de Xinecoloxía e Obstetricia do Hospital da Mariña. Segundo o sindicato, o persoal —sexa de enfermaría ou TCAE— vese sistematicamente obrigado a abandonar o seu posto nun destes servizos para cubrir necesidades asistenciais no outro, quedando unha das unidades sen atención profesional directa, «co risco que iso supón», engade. Esta práctica, lonxe de ser puntual, mantense malia as reiteradas advertencias formuladas por escrito e no comité de seguridade e saúde.

«A dobre presenza de persoal nestes servizos é un claro exemplo de sobrecarga e risco psicosocial para os traballadores e as traballadoras», afirma CCOO. «Isto non só afecta á súa saúde e benestar, senón tamén á calidade da atención que se lles presta aos pacientes», incide.

Ante a inacción da Xerencia e a falta de respostas efectivas, Comisións Obreiras solicitou a intervención da Inspección de Traballo para que se tomen medidas urxentes que garantan a cobertura asistencial axeitada e eviten situacións de risco. «A saúde e a seguridade das traballadoras e das pacientes non poden seguir sendo ignoradas. É preciso actuar xa», reclama a organización sindical.

Desde a Federación de Sanidade de CCOO sublíñase que en ningún outro hospital público de Galicia se permite que o persoal abandone un servizo, deixándoo sen atención de enfermaría —sexan enfermeiras ou TCAE—, para ir cubrir outro. «Esta é unha mostra máis das graves deficiencias na xestión que sofre o Hospital da Mariña, motivo polo cal se están a convocar concentracións de protesta», salienta o sindicato.

Por todo isto, CCOO insta a Xerencia e ao Sergas a que doten de persoal suficiente os servizos afectados e adopten as medidas organizativas necesarias para garantir unha atención sanitaria segura e digna para as mulleres da comarca da Mariña.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025

GABINETE DE COMUNICACIÓN
Horario: luns a venres, 9-18 h
686 469 993 / 981 551 838 | prensa@galicia.ccoo.es
Máis información en: <http://www.ccoo.gal>